


# PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

Antes de comezar co proxecto traballamos os calendarios do mes de xuño como todos os días.

**Proxecto “Adiviñas do mar”:** hoxe Caselín ( a mascota da biblioteca) enviávos a resposta da adiviña da semana pasada. Seguro que todos a adiviñastes.




E tamén déixavos outra adiviña, onde tedes que debuxar a súa resposta no recadro. As familias que non poden imprimir a ficha poden escribir a adiviña nun folio ou nun caderno.




**Lóxica- matemática:** traballamos os números coas cartas dunha baralla e pinzas de prender a roupa. Os nen@s van sacando cartas da baralla e teñen que poñerlle tantas pinzas como indica o número da carta.




Despois poden realizar a ficha onde teñen que debuxar tantos elementos como indica cada número (hai unha ficha para cada nen@ segundo a súa idade).



Alumn@s de 3 anos



Alumn@s de 4 anos



Alumn@s de 5 anos

**Lectoescritura:** como xa sabedes todos os venres vou deixar unha ficha de lectura (en minúsculas para @s alumn@s do equipo de 5 anos e en maiúsculas para que comencen a ler @s alumn@s do equipo de 4 anos).

Deixo as fichas de lectura no outro documento, pero non é necesario que imprimades a ficha de lectura, @s nen@s pódena ler no ordenador ou na tablet.




SA SE SI SO SU  
SI SU SA SO SE

MESA SUMA

LA SOPA.  
SUSI PASA A LA SALA.

Alumn@s de 5 anos




SA SE SI SO SU  
SI SU SA SO SE

MESA SUMA

LA SOPA.  
SUSI PASA A LA SALA.

Alumn@s de 4 anos

Nas seguintes fichas @s alumn@s de 3 e 4 anos teñen que repasar as letras con rotulador e despois colorear o sapo. E @s alumn@s de 5 anos recortan as palabras e pégalas no lugar correspondente e finalizan a actividade coloreando as imaxes.



Sapo

Alumn@s de 3 e 4 anos



Recorta las palabras y pégalas en su dibujo correspondiente.


Ss

sandia sueter salero  
sol sobre seis  
silla serpiente suma siete

Alumn@s de 5 anos

**Manualidade:** o traballo manual que imos facer hoxe é moi sinxelo, consiste en facer nun folio branco moitas sardiñas. Soamente temos que recortar a silueta dunha sardiña (que debuxamos con anterioridade),

dobrámosla a metade e recortamos anacos como máis nos guste (cortamos triángulos, damos pequenos cortes, cortamos círculos, facemos picos ...).



**Especialistas:** lembravos que os venres nos visita a mestra de música (Soraya). Anímovos a entrar no seu apartado na web do centro, e realizar algunhas das actividades que ela vos propón.



**Canción:** a miña proposta de hoxe é aprender a seguinte canción “Cantajuego. Una sardina” ([https://youtu.be/5w\\_AFXye-xk](https://youtu.be/5w_AFXye-xk)).